



O documento que dá cumprimento legal e formal ás esixencias legislativas actuais neste ámbito é o "**Documento de protección contra explosións**".

**MXEC GALICIA** elabora este documento, e para elo:

- 1) identifica as substancias potencialmente formadoras de atmosfera explosiva
- 2) valora as fontes de escape e determina as zonas ATEX en instalacións, plantas, procesos, etc.
- 3) dá asistencia técnica para a redución das zonas ATEX determinadas.
- 4) inspecciona as máquinas e equipos de traballo eléctricos e non eléctricos, presentes nas zonas clasificadas para determinar a súa adecuación.
- 5) comproba a existencia dos documentos e medidas organizativas e técnicas da empresa, tendentes a mellorar a situación fronte ao risco xerado pola posible presenza dunha atmosfera explosiva.
- 6) Ofrece medidas e accións a desenvolver como resultado da avaliación de riscos específica nas zonas clasificadas.
- 7) Asesora na selección de equipos destinados a traballar en zonas ATEX

**MXEC GALICIA** desenvolve e mantén o "Documento de Protección contra Explosións" e dá cumprimento ao Real Decreto 681/2003 nas empresas ás que lles aplica.

Para elo conta con expertos ATEX e coa proximidade dos seus profesionais, que aportan un excepcional valor engadido ás nosas actuacións.

**MXEC GALICIA** desenvolve o seu traballo utilizando unha serie de valiosas ferramentas:

- 1) uso de bases de cálculo fiables
- 2) uso de normas actualizadas e bibliografía especializada.
- 3) coñecemento da lexislación en seguridade industrial e prevención.
- 4) determinación das características físico-químicas das substancias presentes (pos ou gases) ao través de laboratorios recoñecidos.
- 5) coñecemento de procesos en sectores industriais diversos.
- 6) coñecemento dos equipos mecánicos e eléctricos
- 7) formación continua para mellorar de xeito continuo

Deste xeito, **MXEC GALICIA** sitúase nunha posición principal no ámbito ATEX dentro do espectro da industria, xa que aporta coñecemento e solucións de valor para os seus clientes, que redundan na mellora da seguridade, na optimización dos seus procesos e na redución dos custos asociados.

